



# XOVES

## I+D+i

Estimado/a amigo/a:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) quere informarte das infraestruturas, recursos e servizos de alto valor engadido que ofrece o [Parque Tecnolóxico de Galicia, Tecnópole](#), situado en San Cibrao das Viñas (Ourense) e participado pola Consellería de Economía e Industria, para potenciar a competitividade e crecemento das entidades que están nel ubicadas. Actualmente, preto dun cento de [empresas e centros tecnolóxicos](#) constitúen esta comunidade de innovación.

As empresas de alto perfil innovador que precisan dun espazo amplo e propio para desenvolver a súa actividade ocupan [parcelas](#) dotadas de todos os [servizos](#). Tecnópole conta con superficie dispoñible a un prezo moi vantaxoso con acceso directo a rede de fibra óptica e rede segura de datos de alta velocidade, telefonía VoIP, redes virtuais privadas para acceso a internet de banda ancha, backup en rede, correo electrónico seguro, conectividade sen fíos (wireless), control de accesos, formación, servizo de recepción e mensaxería, aulas e salas de reunións, asesoría de comunicación, centro asistencial de prevención de riscos laborais, gardería e instalacións deportivas, entre outros servizos.

A estes servizos xerais súmanse os [avanzados](#), que teñen por obxectivo prestar soporte especializado á innovación. Entre eles figuran a oficina de viabilidade e de financiamento para a posta en marcha de proxectos de I+D+i, sesións de interrelación entre empresas para o intercambio de oferta e demanda e o apoio á participación en convocatorias de captación de financiamento en concorrencia competitiva.

No ámbito das infraestruturas científico-tecnolóxicas, Tecnópole conta cun [laboratorio punteiro para ensaios biotecnolóxicos](#), aberto non só ás súas empresas senón a todo o tecido empresarial galego con condicións de uso moi económicas e totalmente flexibles. Trátase dunha instalación de 310 m<sup>2</sup> distribuída en tres zonas de traballo: laboratorio de ensaios físico-químicos, laboratorio de ensaios microbiolóxicos e espazo para tarefas docentes ou administrativas.

Os cinco centros tecnolóxicos multisectoriais que teñen a súa base na Tecnópole enriquecen esta comunidade innovadora, o que sen dúbida é tamén un incentivo para os emprendedores que comezan alí a súa actividade. Desde os seus inicios, Parque Tecnolóxico de Galicia mantén unha activa política de apoio ao emprendemento que se materializa nun total de [110 niños e locais](#) con custos moi reducidos e acceso a todos os servizos. A isto únese unha [sala de coworking](#) especialmente deseñada para profesionais independentes que poden compartir espazo de traballo. Ademais, Tecnópole organiza actividades de impulso á iniciativa emprendedora como o que actualmente está a

desenvolver para crear microempresas con éxito.

Ademais, Tecnópole está comprometida coa divulgación científica e o impulso da iniciativa innovadora entre os máis novos. Desde 2006 organiza a **Galiciencia**, a maior feira científica para escolares de Galicia, e dúas tardes á semana durante o curso escolar abren as súas portas as **Aulas Tecnópole**, nas que os participantes traballan no seu proxecto de I+D. No verán, Parque Tecnolóxico de Galicia organiza os **Tecnópole Technological Workshops (T2W)**, un campamento no que durante 15 días escolares de Secundaria se adestran en capacidades innovadoras.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves.



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es) dende a conta na que desexe anular a suscripción.